



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### CERTIFICADO ACORDO PLENARIO

Expte. TEDEC: 2023/G010/000008

Ricardo Garrido Caneda, secretario-interventor do Concello da Baña (A Coruña)

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de organización con data do 12 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“3.- Aprobación, se procede, da composición e réxime das comisións informativas.**

**Asunto: creación, composición e réxime das comisións informativas.**

**Expte. TEDEC: 2022/X999/000076 (Elect.).**

**Expte. TEDEC: 2023/G006/000105 (Proposta).**

**Expte. TEDEC: 2023/G010/000008 (Pleno).**

Visto o Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023.

Vistos os resultados electorais no Concello da Baña que implicaron a seguinte composición do Pleno da Corporación, que quedou constituída o 17 de xuño de 2023:

CANDIDATURA	NÚMERO DE VOTOS	NÚMERO DE REPRESENTANTES
PARTIDO POPULAR	1066	5
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA – PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL	1047	5
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	351	1
<b>TOTAL</b>	<b>2464</b>	<b>11</b>

Visto que en consonancia co resultado electoral anteriormente referido, se procede á creación dos tres grupos políticos seguintes:

- .Grupo Partido Popular da Baña: composto polos concelleiros e concelleiras electos pola lista do Partido Popular.
- .Grupo Municipal Socialista do Concello da Baña - PSOE: composto polos concelleiros e concelleiras electos pola lista do Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obrero Español.
- .Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: composto pola concelleira electa pola lista do Bloque Nacionalista Galego.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Visto o réxime xurídico das comisións informativas contido nos artigos 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. A lexislación de réxime local establece a existencia das comisións informativas como órganos que teñen por obxecto o estudo, informe e consulta dos asuntos que teñen que someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias que corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno (artigo 20 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 59.2 e 66 a 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais).

Visto que as comisións informativas son de creación potestativa en concello de menos de 5.000 habitantes, agás a Comisión Especial de Contas, que existe en tódolos municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigo 20.1e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Visto que o Concello da Baña conta na actualidade (10/07/2023) con 3.322 habitantes

Visto que é vontade do equipo de Goberno aprobar a creación e determinar a composición da Comisión Informativa Única de Asuntos do Pleno así como da Comisión Informativa Especial de Contas.

Visto que a Comisión Informativa Única de Asuntos do Pleno conta con 5 membros e para garantir a proporcionalidade dos grupos políticos existentes no pleno, este grupo de goberno realiza a seguinte proposta de composición da Comisión Informativa Única de Asuntos do Pleno:

- 2 asentos para o Grupo Partido Popular da Baña, que serán ocupados polos concelleiros seguintes: don Jose Andrés García Cardeso e don Alberto Blanco Fajín ou concelleiro/a en quen deleguen.
- 2 asentos para o Municipal Socialista do Concello da Baña - PSOE, que serán ocupados polo señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, e polo concelleiro don Álvaro Silva Suárez ou concelleiros/as en quen deleguen.
- 1 asento para o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que será ocupado pola Primeira Tenente de Alcalde dona Mónica González Blanco.

Visto que a Comisión Especial de Contas conta con 5 membros e para garantir a proporcionalidade dos grupos políticos existentes no pleno, este grupo de goberno realiza a seguinte proposta de composición da Comisión Especial de Contas:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

- 2 asentos para o Grupo Partido Popular da Baña, que serán ocupados polos concelleiros seguintes: don Jose Andrés García Cardeso e dona Patricia Lois Carballeira ou concelleiro/a en quen deleguen.
- 2 asentos para o Municipal Socialista do Concello da Baña - PSOE, que serán ocupados polo señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, e polo concelleiro don Álvaro Silva Suárez ou concelleiros/as en quen deleguen.
- 1 asento para o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que será ocupado pola Primeira Tenente de Alcalde dona Mónica González Blanco.

Visto que a Presidencia de tódalas comisións corresponderalle ó alcalde que poderá delegar a presidencia efectiva, en calquera membro da comisión. Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento do Presidente de cada unha das comisións, a Presidencia será asumida polo membro titular do mesmo grupo político ao que pertenza o presidente, atendendo á orde do seu nomeamento na respectiva comisión.

Visto que a asistencia ás sesións das comisións informativas darán dereito ó cobro de dietas por asistencia. A súa contía determinarase polo Pleno da Corporación no seo das bases de execución do orzamento de cada exercicio, porén, fíxanse na contía de 75€ por concelleiro/a e sesión, coas limitacións que o ordenamento xurídico estableza.

En virtude do disposto nos artigos 98 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda por unanimidade:

**Primeiro:** Aprobar a creación e composición da Comisión Informativa Única de Asuntos do Pleno nos seguintes termos:

- 2 asentos para o Grupo Partido Popular da Baña, que serán ocupados polos concelleiros seguintes: don Jose Andrés García Cardeso e don Alberto Blanco Fajín ou concelleiro/a en quen deleguen.
- 2 asentos para o Municipal Socialista do Concello da Baña - PSOE, que serán ocupados polo señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, e polo concelleiro don Álvaro Silva Suárez ou concelleiros/as en quen deleguen.
- 1 asento para o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que será ocupado pola Primeira Tenente de Alcalde dona Mónica González Blanco.

**Segundo.** A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno ditaminará sobre asuntos que teñen que someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias que corresponden ao Pleno.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

**Terceiro.** Aprobar a creación e composición da Comisión Especial de Contas nos seguintes termos:

- 2 asentos para o Grupo Partido Popular da Baña, que serán ocupados polos concelleiros seguintes: don Jose Andrés García Cardeso e dona Patricia Lois Carballeira ou concelleiro/a en quen deleguen.
- 2 asentos para o Municipal Socialista do Concello da Baña - PSOE, que serán ocupados polo señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, e polo concelleiro don Álvaro Silva Suárez ou concelleiros/as en quen deleguen.
- 1 asento para o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que será ocupado pola Primeira Tenente de Alcalde dona Mónica González Blanco.

**Cuarto.** A Comisión Especial de Contas ditaminará sobre acordos relativos á aprobación da Conta Xeral e dos Orzamentos municipais.

**Quinto.** Aprobar as funcións das comisións informativas que serán o estudo e ditame previo dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía; nestes dous últimos supostos cando aqueles órganos actúen por delegación de aquel, podendo intervir tamén en relación con outros asuntos que non sexan da competencia do Pleno da Corporación, cando o órgano competente lles solicite o seu ditame. A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos ós que anteriormente se fixo referencia, recoñécese o dereito de tódolos concelleiros membros das comisións informativas de poder consultar, directa e persoalmente, os Libros de Decretos e os Libros de Actas custodiados na Secretaría-Intervención da Corporación.

**Sexto.** Aprobar que as comisións realizarán reunións de acordo co réxime de sesións requirido para aprobar os asuntos que se lles eleven para o seu ditame, podendo realizar sesións extraordinarias cando o seu presidente o decida, ou cando o solicite a cuarta parte, como mínimo do seu número legal de membros. As sesións terán lugar no día e hora que acorde o alcalde ou presidente de cada comisión, no salón de plenos da Casa do Concello, O seu funcionamento axustarase ó previsto nos artigos 17 e 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e, supletoriamente, polo que prevén os artigos 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**Sétimo.** A asistencia ás sesións da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e da Comisión Especial de Contas comportará o dereito ó cobro de dietas por asistencia. A súa contía determinarase polo Pleno da Corporación no seo das bases de execución do orzamento de cada exercicio, porén, fíxanse no presente acordo na contía de 75€ por concelleiro/a e sesión, coas limitacións que o ordenamento xurídico estableza.

**Oitavo.** Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.”



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

E para que así conste, agás erro ou omisión involuntaria, expido a presente certificación, de orden e co visto e praxe do señor Alcalde, na Baña á data da sinatura dixital.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.**